



# FREIXA DAS LAXES


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** Desde As Laxes: 500 m  
Desde Fontaiña: 100 m

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 1 hora



En San Pedro de Rebón (Moraña).  
No río Cornide ou das Laxes, afluente do Agra ou Barosa  
que vai ao Chaín (Umia).

Varios saltos en rochas graníticas nun lugar  
acondicionado que conserva varios muíños.

**COMO CHEGAR:**

Desde Moraña cóllese a estrada que pasa polos Miragres  
de Amil e vai a Barro e un cruce á dereita que indica As  
Laxes (antes de chegar a O Vexildo). Despois de pasado  
o indicador séguese 150 m e cóllese un camiño de terra á  
esquerda que chega preto dun muíño e das fervezas.  
Tamén se pode acceder dede A Fontaiña.

